



Na competición disputada o pasado fin de semana en Xinzo de Límia.-

**O santiagués Óscar López, e o ribeirense Juan Vicente Santiago Santamaría,
novos campións Galegos de Cetrería**

O pasado fin de semana (28 e 29 de outubro), disputábase no tecor da Sociedade de Cazadores Xinzo de Límia (Ourense), a quinta edición do Campionato Galego de Cetrería, nas modalidades de Sky Trial e Baixo Voo. A organización corría a cargo da Federación Galega de Caza e da Sociedade Galega de Cetrería.

Na competición participaban 27 cetreiros, 16 en sky trial e 11 en Baixo Voo. O sábado celebrábase a semifinal, na que se clasificaban os 14 mellores participantes que disputarían a final do domingo.

En Sky Trial, o campión galego foi Miguel Óscar López Penas, de Santiago de Compostela, cun falcón sacre, mentres que no *open* aberto impúxose o cántabro Abel Ojugas Díaz, cun falcón peregrino macho.

En Baixo Voo proclamábase novo campión galego o ribeirense Juan Vicente Santiago Santamaría, cunha aguia cerrugino, e no *open aberto* o vencedor era o valisoletano Antonio Rodilla Fernández cun azor finlandés.

A cita congregou a numerosos curiosos que disfrutaron dos vistosos lances venatorios destas elegantes aves rapaces.

Tralo remate da competición, procedíase á clausura da mesma e entrega de premios, acto no que, entre outros autoridades, estaba presente o Presidente da Federación Galega de Caza, e os responsables das Sociedades *Galega de Cetrería* e *Xinzo de Límia*.

A selección Galega disputará os días 6-8 de decembro en Toledo, xunto co resto das seleccións autonómicas, o Campionato de España da modalidade.

GABINETE DE COMUNICACIÓN
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com



Oscar López, Campión Galego de Sky Trial



Juan Vicente Santiago, Campión Galego de Baixo Voo